



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021

ELI RÍOS
AS VOCES BAIXAS DE ELVIÑA



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal



**Deputación
DA CORUÑA**

Viaxe exprés das orixes á actualidade. As voces baixas de Elviña



A presión urbanística devora todo canto encontra por diante, pero na Coruña aínda resisten á súa fame depredadora lugares como Elviña. Este espazo senlleiro e singular que se alimenta, cada día, das voces de mulleres, nenas, criaturas máxicas e defuntiñas. Si, deglute as historias transmitidas de xeración en xeración entre os murmurios de quen detén o seu ritmo frenético para escoitar, para contar, para compartir un tempo e un lugar en que os reloxos carecen de sentido. Si, os nutrientes da resistencia mastíganse en cada recuncho e permítennos medrar coa forza precisa e necesaria para continuar aquel conto que nos contaba a avoa despois de pousar a tina da roupa na beira do lume. Esa dun seu primo de Someso que fora na procura do tesouro que se agocha nos Curutos (ou o que a xente estudada chama croa), alí onde está a árbore dos Corvos.



Xa sexa porque lle faltaba algunha fervedura ao rapaz ou polos nervios, leu o libro de San Cibrao ao dereito. Grande erro! Toda a xente sabe que para poder levantar o tesouro hai que empezar as letras polo revés! E así foi... da terra saíu o Encanto e couceouno ata onde hoxe ves uns centros comerciais.

Xa Leandro Carré Alvarellos dera aviso¹ do día que o Encanto marchou do Castro de Lañas para o de Elviña e do que había que facer para non perder grandes riquezas se viamos un cabalo "castaño craro, cáseque dourado, moi lindo; e amontado nel un home, altismo e rexo tamén". Aínda así, non toda a xente é quen de temperar o xenio nestes casos e así o recolleu Lois Carré Alvarellos en "O Encanto do Castro de Elviña".

1 en Lendas tradizonais

O certo é que tesouro haber, habíao, din as voces baixas, e que alguén debeu chegar a un acordo co Encanto ou coas Mouras porque alí está gardado baixo as sete chaves do Castelo de Santo Antón.



Pero non todo son lendas herdadas neste lugar de orixes e raíces. Hai outras que nacen á canda a xente e que asentan nos elos en común coas poboacións da terra, incluso coas Rías Baixas. Non só por ser Elviña produtora de viños que exportaba a través dos camiños reais, aínda hoxe conservados, non, senón por facer súa, tamén, aquela historia medieval en que unha aldea enteira asasina un señor feudal e todas as persoas se autoinculpan para non seren xulgadas. Ese Meco do Entroido que se instala nunha Elviña retranqueira. A mesma que en plena ditadura franquista decidiu substituír a sardiña o día do seu enterro pola figura do ditador. A mesma que nunha divertida ucronía participa activamente na construción do alxibe do Castro.

Houbo un tempo en que o gando caía para dentro e, calquera día, tiñamos unha desgraza porque logo nos afundía unha crianza. E non podíamos permitilo. Así que, coas pedras que alí había, fixemos un valo que arrodease a auga, contan, todas a unha, as voces. E mal non nos quedou porque non enfociñou ninguén e a xente pensa que é de canda o época das Mouras.





Este castro, orgulloso da súa estirpe, acolleu as roupas das lavadeiras estendidas nas súas abas, as xuntanzas o día da festa, o xogo das crianzas entre os anacos de historia, as xeirás nocturnas da Santa Compañía abeirando o seu contorno polo Camiño da Cavaxe, as dores de quen levaba ao lombo unha caixa de pino cara o cemiterio de Elviña e todas as loitas que escribían a palabra liberdade entre os regos da terra. E na súa lentura sementou o primeiro acto das Irmandades da Fala aquel 2 de xullo de 1916.

A convocatoria era ás tres e media da tarde en Monelos. Dende alí, as persoas citadas pola Irmandade dos Amigos da Fala da Coruña subiron ata a aldea de Castro. Cando chegaron alí xa estaban agardando un bo número de familias que decidiran sumarse, entre elas moitos veciños e labregos da parroquia. **Xuntas, ao redor dun cento de persoas completaron o derradeiro treito do percorrido, ata chegar ao curuto do monte**, onde se sitúa o Castro de Elviña e dende onde se pode ver unha fermosa vista de toda a cidade da Coruña.

Lugrís Freire lembrou os obxectivos da Irmandade da Fala, que fora creada mes e medio antes (o 18 de maio de 1916): propagar e ennobrecer a lingua galega

Alí Antón Vilar Ponte, fundador e conselleiro primeiro da Irmandade da Coruña, dixo unhas palabras a xeito de saúde e procedeu a ler *"un buen puñado de telegramas y telefonemas de adhesión"*, segundo relatou La Voz de Galicia. *"Todos ellos están escritos en gallego, naturalmente"*, engadía o xornal. A continuación, *"el señor Lugrís Freire hizo también, en lengua nativa, un bello discurso dicho con todo el fuego y la vehemencia que caracterizan al orador"*, sinala a crónica xornalística. Na súa intervención **Lugrís Freire lembrou os obxectivos**

da Irmandade da Fala, que fora creada mes e medio antes (o 18 de maio de 1916): propagar e ennobrecer a lingua galega. Ademais, leu algúns poemas de Uxío Carré Aldao e de Ramón Cabanillas, que tamén estaba presente na romaría.

"A la caída de la tarde regresaban los expedicionarios, en medio de una visible impresión de simpatía de los aldeanos, gozosos de ver a una muchedumbre de señoritos hablando el gallego colectivamente y sin timideces"

A seguir, deu comezo a merenda *"que fue animadísima"*, contaba o xornal, engadindo que *"para que lo fuese más, surgió un formidable gaitero [o coruñés Emiliano Moscoso]. Se bailó la muñeira y la jota del país y se cantaron alalás y otras cantigas"*. Así, xa á tardiña, rematou a romaría e os e as participantes desandaron o camiño percorrido, baixando dende o monte de Elviña ata a cidade, como comenta a crónica: *"A la caída de la tarde regresaban los expedicionarios, en medio de una visible impresión de simpatía de los aldeanos de aquellos contornos, gozosos de ver a una muchedumbre de señoritos hablando el gallego colectivamente y sin timideces"*.

Pérez Pena, M., As Irmandades da Fala volven ir de romaría, un século despois, Praza, 1 xullo 2018

Esta xuntanza, realizada en 1916, foi o primeiro acto público, festivo e assembleario en prol do idioma galego e nos Curutos tamén estaban elas, as mulleres.



Agrupación Republicana Feminina da Coruña, 1916



Xuntanza Irmandades da Fala

Da man das contadoras de historias, das que sosteñen o mundo e os coidados, chegamos ao Souto. que noutro tempo pintou Xermán Taibo, mentres seguimos o tranquilo discorrer do río dos mil nomes. Aquí, no lavadoiro de río, que tantas prendas clareou, aínda resoan os ecos da Folga das Lavandeiras de 1907. Esa na que pedían a dignificación das súas condicións laborais. Quince días de paro que puxeron a cidade do revés e co que conseguiron melloras salariais e a reflexión da sociedade sobre o duro que era o seu traballo.



E, nesta segunda parada do roteiro, mergullamos en As voces baixas de Manuel Rivas e pedímoslle prestadas as súas palabras sobre o Entroido, sobre Castro de Elviña e sobre as lavandeiras:



Lavadoiro do Souto, Elviña

"Ese día do martes do Entroido sempre había quen trancaba os regatos para que secaran os ríos e as lavandeiras non tiveran que ir a traballar e foran xogar ou ver polo menos aqueles partidos que foron pioneiros no fútbol feminino. Cumpríase o mandato do Entroido: poñer o mundo ao revés!"



Elviña-Castro

O que pasaba durante o resto do ano era xustamente o contrario. As lavandeiras de Castro de Elviña levaban a esfera enriba da cabeza. Lavaban para as familias de clase alta coruñesa, ou para clínicas, ou para fondas e restaurantes. As máis das veces a pé, ou con algún burriño, ían e viñan con enormes lotes pousados nas coroas ou mulidos.

(...)

As mulleres ían e viñan co peso enriba da cabeza para ter libres as mans e levar máis cousas de peso ou o peso das crianzas. Todo o que levaban era necesario. Esencial. Alimentos, auga, leite, leña. A roupa de lavar. Algunhas das lavandeiras tiñan as mans comestas de sosa. A súa columna vertebral, polos pesos soportados, tiña o xeito da pirámide invertida. Era un traballo anfíbio, sempre en contacto coa auga, coa pedra húmida, coa friaxe metida no corpo. Falando das visións dos camiños, eu ver vin como as lavadeniras de Castro traían a esfera do mundo na cabeza. E o que pasaba o martes de Carnaval é que esas e outras traballadoras dábanlle unhas patadas ao balón do macho planetario. E os risos ceibes daquelas mulleres resoan polos campos baleiros, corren pola herba, como un triunfo da humanidade"

(pax. 108-109)

Acompañamos eses risos ceibes a través das leiras e seguimos as pegadas dos lavadoiros de río, uns en pé e outros baixos as silvas, para dirixirnos cara o Monolito Moore, pero sáenos ao paso a lenda, ou quizais o acontecemento, que nos conta a voz das devanceiras: todos os 16 de xaneiro, no caer da noite, escóitanse os redobres de tambor e os exércitos do Xeneral inglés John Moore e o do Mariscal francés Jean-de-Dieu Soult marchan desde o lugar en que foi ferido Moore ata o polvorín


de Penasquedo. A estas alturas xa imaxinamos que nos falan dun exército fantasma, pero non podemos evitar preguntar: e os cabalos tamén son espectros? "Son. Xente e bicharía. Toda aparecida".

No Monolito Moore, nome pouco agraciado aínda que si tremendamente descritivo, amoréanse os



datos históricos sobre o lugar en que un proxectil de canón alcanzou o peito do Xeneral John Moore durante a Batalla de Elviña, na Guerra da Independencia(séc. XIX), pero as voces baixas néganse a que non escoitemos aquelas historias que son de noso, as que non teñen nada a ver con ingleses e franceses *porque cando chegaron os exércitos, nós xa estabamos aquí. E batallaron nas nosas leiras. Acabaron con todo. Os franceses botaron aos ingleses e nada cambiou porque foron eles os que saquearon as nosas casas. Era o mesmo can con distinto collar, pero Elviña xa coñecía a palabra resistencia. Enchéronnos e moito! O 2 de febreiro fomos nós, as labregas, as lavadeiras, as campesiñas as que nos xuntamos cos homes e metemos no burato a douscentos*

franceses. A terra e a loita pola dignidade entre a herba que acolle a Historia para quen a queira escoitar tal e como lle escribiu Rosalía de Castro a Moore "e se sentís rebuligar as cinzas/ e se s'éscoitás indefinibres voces/ e se entendés o que esas voces digan/ a y-alma vosa sentirá consolo".





Comprender as voces baixas para entregarse a unha paz que non traen as batallas e si os afectos. Pode que iso sexa o que Lady Hester Stanhope lle recorde a Sir Jonh Moore cada 16 de xaneiro cando aparece para deixarlle unha flor nos Xardíns de San Carlos.

Ela, intrépida, intelixente, de espírito libre, que veste de home e cabalga nunha montura branca. Ela a Raíña Branca de Palmira. Ela, muller brava e de conviccións rexas. Ela que desafiou a vida, tamén aviva as historias das voces que nos falan das aparecidas afoutas.



Deixamos atrás o Monolito e camiñamos entre as leiras de millo, patacas, cebolas e as colleitas que sobreviven ao asfalto das facultades para seguir o ronsel das mulleres bravas de Elviña. Nalgún tempo tamén sementaron nestas terras trigo e centeo, pero, hoxe, diso nada queda.



O último muíño da cidade é testemuña silenciosa da desaparición do agro. O aire ao seu carón aínda ole a fariña moída dúas décadas despois de que o campus universitario o pechase e deixase orfa de muiñadas a cidade.

Aquí, durante sesenta anos, Perfecto continuou o labor das súas devanceiras e moía as fariñas para as galiñas, para as roscas do día da festa, para alimentar as fames da Guerra Civil e para os pans negros da posguerra.



Na mesma estrada do vello muíño, uns metros máis adiante, o edificio universitario que contén unha biblioteca e se dedica a sala de estudo, achega as voces de todas aquela xentiña que se agochaba nos montes de Castro, nas súas covas. Moitas foron as mulleres que arriscaron a súa vida para levarlles ás persoas escapadas, nos atroces anos da ditadura franquista, comida, roupa e mantas. *Levabamos os cestos cheos*, contan, todas a unha, as voces, *e cando nos paraban os gardas, diciámoslle que eran ofrendas para as mouras e para as defuntiñas*. Na terra da palabra, por se acaso, deixaban pasar o alimento que sementaría a liberdade futura porque habelas hainas e co Alén non é ben enredar. Aínda así, non todas as persoas escaparon a aquel fatídico día do 18 de xullo de 1936. Francisco Pérez Carballo, Gobernador Civil da Coruña, foi executado ao pé da Torre de Hércules, o 24 de xullo, e esa porta esquerda do edificio universitario, recórdanos que os avances dos que hoxe gozamos tiveron un alto custe para quen nos precedeu. *Ela*, din as *indefinibles voces*. A biblioteca. O sorriso sincero. *Ela*. Na porta central, Xoana Capdevielle. Os dereitos tiveron un alto custe para todas as mulleres que nos precederon. A dobre represión. A represión sexuada. Xoana Capdevielle. *Ela*, a coidadora das palabras nunha terra que sabe ben da súa importancia. A bibliotecaria que amoreou os libros cos que se levantou unha barricada para deter as balas. *Ela*, vítima dunha violencia atroz, asasinada e tirada nun monte de Rábade. O fascismo quixo silenciar a voz dunha muller que "*morreu, como viviu, de amor e liberdade*"², pero nas terras de Elviña as voces baixas contarán a súa historia, unha e outra vez, para que nunca esquezamos onde nace a Liberdade. A memoria custodiada polo pobo que comparte o seu sorriso de



² Rodríguez Fer, C., *Ámote vermella*, Xerais, 2009

esperanza.

As rúas das Hortas de Elviña, que nos conducen cara a última parada, apouviran a dor enxerida polos fascismos e achégannos ao lugar onde, antigamente, desaugaba o río.



O camiñar decorre entre hórreos, alpendres, hortas e fornos de pedra neste terreo fértil para o liño, para os vimbios, etc, que sostivo os gremios e a prosperidade económica da aldea. Tamén, o das lavandeiras.



Fonte e lavadoiro de Elviña, 1880. Fotografía de Pedro Ferrer

abdicar. Ela e máis el escolleron o cariño. As que custodian as lembranzas, tamén recordan como lles levaron o cruceiro para o barrio veciño. Moito loitaron para traelo de volta! E conseguírono! Aínda así, para aló foi enteiro e no regreso volveu en dúas partes. Por iso, alá enriba, hai unha fenda. A cicatriz que permanece na memoria. Así descarnada porque para quererse non é necesario ter unha coroa nin ocultar os anacos que nos compoñen.

Os chanzos da escalinata convidánnos a rematar este roteiro un chisquiño máis arriba, xusto onde a avenida de coches anuncia a presión urbanística fagocitadora.

Ao carón da igrexa, ábrese unha portiña metálica que garda as almas defuntiñas. Antes de entrar, soan as campás. Ese tanguer que continúa a escribir a literatura de transmisión oral na aldea de Elviña en pleno século XXI. O seu son, desde o fondo do val, resoou contra todas as casas cando estabamos pechadas e non podíamos acompañar a quen marchou co bicho. Escoitámolas chamar pola xente no seu falar ancestral e saímos ás ventás. Desde alí, contamos unha outra historia que axuntamos a todas aquelas prendidas no recordo porque sempre hai tempo para botar o último, que non derradeiro, conto.

Empurrámos a cancela do camposanto e na baixada encontramos a fotografía de Antonio Mallo na campa grisalla. El fundou, en 1930, a Orquesta Mallo, esa na que tamén estivo Pucho Boedo, e que supuxo unha das primeiras Big Band: catorce músicos formaban parte dela.



O máis abraiante de todo é que o seu sinal de identidade foi, desde o comezo, o acordeón. Popularizouno de tal maneira que aínda hoxe somos quen de rematar este roteiro axuntando ás voces baixas un ritmo de polca borboriñado, mentres os nosos pasos en dous tempos apuran

o camiño de regreso cara as Terras Altas de Elviña. As coellas, a raposa, o miñado e as gatas chaman por nós para que subamos polo antigo Camiño Real a Bergantiños, o de Saramelos.



E gardamos a música no noso interior para mergullar no silencio das historias que emerxen entre as paredes da corredoiro, das lendas que voan

desde as pólas dos carballos, dos contos que prenden na lembranza do renxer dos carros cargados de pipas, das fábulas que agatuñan polos toxos,...

Escoitamos con claridade todas a unha, as *indefinibles* voces que resistiron o paso do tempo e crearon o mundo que habitamos. Sentimos, entón, xa como parte de nós, a transmisión desta literatura oral que nos tenta desde a palabra e nos pregunta: Queres que cho conte outra vez?

Este roteiro asenta nas palabras das mantedoras da memoria que, ao longo dos anos, foron transmitindo as historias, contos, lendas, fábulas, ..., que constrúen a nosa identidade.

O alicerce deste roteiro é a obra de Manuel Rivas, *As voces baixas*, que constitúe o eixe vertebrador e afectivo.

Ademais, menciónanse as lendas tradicionais e urbanas que aparecen nas seguintes obras:

- Carré Alvarellos, Leandro, *Lendas tradicionais galegas*, Revista de Etnografía, Junta Distrital do Porto, Porto, Portugal , 1957
- Carré Alvarellos, Lois. *Contos populares da Galiza*, Museu de Etnografía e História, Junta Distrital do Porto, Porto, Portugal, 1968
- Reiriz, J.M., *Galicie oculta y negra*, Publicaciones Arenas, 2010

A nova publicada no xornal La libertad do 13 de decembro de 1933, pode consultarse [nesta ligazón](#) da Biblioteca Virtual de Prensa Histórica do Ministerio de Cultura y Deporte.

Por último, as fotografías das lavandeiras están recollidas da [páxina web](#) da Asociación Cultural Alexandre Bóveda que fai un traballo de recuperación da memoria de valor incalculable.